



REGÁLOCHE UN PRÉSTAMO!

Esta iniciativa consiste nunha actividades na que un alumno/a escolle un libro da biblioteca para un compañeiro ou compañeira do colexio; libro que será o que consideremos se axustará aos seus gustos e por elo, suporá unha grande satisfacción.

Este libro, debe ser rexistrado no sistema de PRÉSTAMOS, rexistro para o cal deben recoller o carné da biblioteca do seu compañeiro/a ao que pretenden agasallar, é dicir, do destinatario/a elixido.

Como todo agasallo, debe ser envolto en papel de regalo, feito que se levará a cabo no recuncho da biblioteca onde se atopa este obradorio. A este envoltorio imos engadirlle una tarxetiña coa dedicatoria, a cal será o máis entrañable posible. Pensemos que vai destinada ao noso mellor amigo e, como debe de ser, queremos o mellor para el.

Un carteiro, será o encargado no momento oportuno, de levar este AGASALLO.

Con esta actividade preténdese fomentar, ademais do hábito lector, o compañerismo entre o alumnado.

Preténdese que o alumno/a que regale un préstamo se esforce por saber cales son as preferencias literarias do seu destinatario/a, elixir entre as manifestacións literarias que podemos atopar na biblioteca, ademais deberase preocupar por se o seu destinatario xa leu ese libro e se acollerá o seu regalo con afecto.

Equipo de biblioteca CEIP A Solaina

Narón, 11 de maio de 2015